

DUAS OBRAS ESCULTÓRICAS DO MESTRE MATEU

O poema pétrico do pórtico principal da Igrexa Compostelana, coñecido por «da Gloria» e labrado *per magistrum Matheum qui a fundamentis ipsorum portallium gessit*, non chegou a nós na súa primitiva magnificenza. Actualmente fallan no grande momento algunhas esculturas nas que Mateu ampararía e contemplaría o seu pensamento, representando o destino do home en total-as súas fases. Tais son as que había nos muros dos lados que de xeito indudable foron renovados e nos capitéis e arquivoltas dos arcos exteriores que pecharon o pórtico e que desapareceron a mediados do século pasado pra ser substituídos pol-as actuais portas da fachada» (1).

Iste parecer de López Ferreira está comprobado hoje pol-o achado de diversas obras escultóricas soltas que, sendo da man inconfundible do Mestre Mateu, non ofrecen tampouco dúbida en canto a seu antigo emprazamento no Pórtico de Compostela. Mentoadas ja pol-o inesquecible historiador a incompreta estatua de un rei e outra figura de home sentado n-un dos seus traballos (2), foron estudadas con agarimo, xuntamente con outra de un persoaixe bíblico, pol-o noso erudito amigo D. Jesús Carro García que aporta no intre do seu exame valiosas informacións (3). As tres pezas se topan no Museu da Catedral.

A opinión de entrambos estudiosos divídese en canto ó tempo en que foron arredadas as estatuas do seu emprazamento. Ja transcribemos arriba a de López Ferreira que entende foi a mediados do século xviii cando as desprazaron. Carro coída, pol-a contra, que nin en 1738, ano en que se ergueu a galanfa barroca de Casas e Novoa, nin na obra das portas do século xvii, senón que foi «no xvi, ó faerse as portas maiores e menores da Obradoiro, cando deberon ser sacadas do Pórtico da Gloria pra ser levadas a un recuncho dos jardins de Fonseca e despois recollidas pol-o

(1) ANTONIO LÓPEZ FERREIRO, *El Pórtico de la Gloria*, 2.ª ed. Santiago, 1903, pág. 39.

(2) LÓPEZ FERREIRO, *El Pórtico*, pág. 39, nota.

(3) JESÚS CARRO GARCÍA, *Unhas estatuas do Pórtico da Gloria*, en revista *Nós*, n.º 55, 1928.

Conde de Gimonde que as puxo no seu Pazo da Ulla a uns vinte quilómetros de Compostela» (1). De esta obra do século XVI

conta López Ferreiro que foi contratada en 1520 con «maestre Martín, maestro de cantería» (2).

Agora ben; no pazo de Gimonde aínda se conservan hoje, entre outras cursidosas pedras de labra, dúas estatuas descoñecidas cuxa atribución á man genial do grande artista Mateu paréceunos irrefutable. A leal amizade do meu carísimo amigo o actual títular de Gimonde, Santiago Puga Sarmiento, permitiúme coñecer en horas inesquecibles transcurridas no vello casal as interesantes esculturas que son objeto das presentes liñas.

Son elas dúas figuras que se sitúan actualmente á entrada da casa petrucial mentada, dando fronte ó patio de armas que ten diante, reproducidas nas fotografías 1.^a e 2.^a que acompañan a estas notas (3).

A figura 1.^a é a de un persoaixe vello, barbado, de nobre continente, con longa cabeleira ondeante caéndolle en crenchas dos hombros e dividida en dúas bandas pol-o carreiro central;



Fig. 1.^a

a barba, na que se diferencia a perilla, remata en bucles. Veste

(1) CARRO, ob. cit.

(2) LÓPEZ FERREIRO, *Historia de la S. A. M. I. C. de Santiago*, T.^o VIII, pág. 55.

(3) Na obra de D. MANUEL VIDAL, *El Pórtico de la Gloria de la Catedral de Santiago*, nada se fala de estas esculturas, senón das outras do Museu Catedralicio, págs. 21 e sgts.

túnica apenas visíbre e manto amplo con plegues collidos pol-a man dereita, tan finamente tratados e tan sutilmente compostos que xurde a comparanza con aqueles das preciosas vestimentas do grupo dos apóstoles no Pórtico da Gloria, San Pedro, San Paulo, Sant-Iago e San Johan. Na man esquerda sostén ampro filacterio que tería epígrafe no seu tempo. Está sentado nunha silla da que se albiscan os brazos lisos por detras da imágen, e por baixo da veste asoman os pés ispidos.

O material é un monolito de pedra de gran dos nosos montes. As mensuras son 1'70 m. de outo por 0'60 de anchor máximo. No brazo esquerdo ten entrante como pra facer asentar alí o batente de unha porta.

A figura 2.^a é moi semellante á devandita no seu aspecto xeral. Menos coitada nos seus detalles. A barba remata en forma picuda ou radiante. Os pregues da vestimenta, idéntica á da compañeira descrita, non acadan a delicadeza da estatua parella. Sostén o filacterio ca man dereita e ca outra señala o que alí houbo escrito.

Compoñen esta escultura dúas pezas tamen de pedra de gran visíbles na fotografía. As mensuras son de outo 1'70 m. como a precedente, de anchor 0'70 como máximo. No brazo dereito, por detras, ten rechadeja como pra acomodar unha porta.

A filiación de taes esculturas dentro da arte románica ningúnén pode refusala en boa lei. E que dentro da arte románica representan unha fase de esplendor gloriosa, de tal xeito que sómentes a man escorreita do grande artista Mateu poido pousar alí pra darlle á pedra vida eterna na memoria dos homes, é cousa vista. Non



Fig. 2.^a

se albisca tampouco outro moimento da grandiosidade que o tamaño ultranatural das figuras require dentro da nosa Terra, senón o Pórtico da Gloria, onde elas poidesen ter asento n-outroira. Por escrusión, pois, compre supolas parte integrante de aquela soberana composición, sin que se vexa reparo que opór.

Agora ben. ¿Que lugar ocupaban elas? Dende logo saíron da man do autor pra seren enfrontadas, como o seu paralelismo demostra. Paralelismo de concepción, de material e de grandor que somentes puido ser nado da posición simétrica pra que foron creadas. Coidámolas colocadas no seu asento primitivo unha a cada banda da porta principal da Basílica, na parte exterior.

¿A queñes representan? Non é doado facer hipótesis sobre elo, sobor de todo por ter desaparecido as lèndas que nas cartelas que as figuras sosteñen existiron. Compre gardar a mesma prudenza de que fai gala D. Jesús Carro a respecto das por él estudadas atribuíndo querer representare persoaxes da Antiga Lei (1).

Da época en que foron levadas a Gimonde poden facerse conjeturas que non vaían fora de camiño. Por de pronto sabemos que no derradeiro terzo do século XVIII vivía en Compostela D. Pedro María de Cisneiros e Castro, o mais ilustre, sin dúbida, dos que ostentaron o Condado de Gimonde, grande protector das Artes, fundador da escola gratuita de dibujo que sostida por él en Compostela ergueu n-esta cidade o gosto artístico nos primeiros anos do século XIX substituindo á extinguida da Sociedade Económica (2).

Os arquitectos Melchor e Manoel de Prado, D. Ramón Pérez Monroy, o pintor D. Plácido Fernández, o ourive e grabador D. Luís Piedra e D. Francisco da Peña, artistas sobresaintes de aquel tempo débenlle protección a iste mecenas (3) a quen lle adicou D. Luis de Lorenzana a súa «Tentativa sobre un orden español de Arquitectura» (4) e que representou a Compostela primeiramente na Junta Soberana da Cruña e dempois o Reino de Galicia na Junta Suprema Central creada en 1808 (5). Que

(1) CARRO, op. cit.

(2) MANUEL MURGUÍA, *El Arte en Santiago*, Madrid, 1884, pág. 235 e sgts.

(3) PABLO PÉREZ COSTANTI, *Una escuela de dibujo*, en *Notas Viejas Galicianas*, Vol. III, pág. 117 e sgts.

(4) LÓPEZ FERREIRO, *Historia*, T.º X, pág. 246.

(5) LÓPEZ FERREIRO, *Historia*, T.º XI, cap. IV, pág. 113 e sgts.

no seu tempo serían levadas a Gimonde as estatuas do Mestre Mateu parece demostralo o feito de que no dito Pazo consérvanse outras pedras labradas, según dixemos, dúas de elas sartegos, e unha estatua jacente, que proceden, según inquéritos por nós realizados que non exporemos aquí por non alongar istas notas, da capela de San Idefonso que os Cisneros tiñan dende o século XVI no convento de San Francisco de Santiago, removidos no século XVIII cando se reedificou a igrexa conventual.

Vivindo no ano de 1784 en que se otorgou a escritura de concerto entre a casa de Gimonde e o convento dos frades franciscos D. Pedro María de Cisneros, o grande Conde, parez justificarse o pensamento de ser él quen levou unhas e outras pedras artísticas pra o Pazo aproveitando a ocasión da desfeita dos dous nichos que baixo dous arcos constan existentes na capela devandita (1).

Pra honra do prócer fidalgo galego, pra gloria do inmorrente artista e pra sorpresa de todo espírito ergueito, as terras verdes da Ulla gardan aínda istas nobres esculturas, gala da nosa estatuaria medieval.

F. BOUZA-BREY.

LA TEOLOGÍA EN LOS SEMINARIOS DE GALICIA

(CONTINUACIÓN)

Seminario de Lugo

Don Lorenzo Asensio de Otaluy, obispo de Lugo, con cédula real de 15 de Marzo de 1594, fundó en esta población por los años 1597-98 un Colegio-seminario bajo la advocación de San Lorenzo, ordenándose luego constituciones para su buena administración y gobierno. En una de ellas se dispone que se mantenga en el Seminario 36 colegiales aspirantes al sacerdocio. Pero por insuficiencia de los frutos que dejó para ello, no se admitió a nin-

(1) PÉREZ-COSTANTI, *Los Canónigos de Santiago, Segundo apéndice a los Linajes Gallegos*, BOLETÍN DE LA R. ACADEMIA GALLEGA, número 140, 1921, pág. 285, e sgls.